

A chegada

Vou camiño de Dinamarca cunha mochila e dous bocadillos de xamón.

O camiño foi relativamente curto. Unha vez que cheguei alí, non sabía moi ben que facer, unha cousa estaba clara e era que tiña que conseguir traballo e algún sitio onde durmir. Ao ser maior de idade, tiña a primeira fase fácil, pero o de conseguir aloxamento non sei como ía facelo.

Ao chegar a noite xa estaba en prácticas nun pequeno bar. Non sabía danés, só o pouco que me dera tempo de ler de traxecto ata aquí, pero colléronme pola miña fluidez co inglés, así podería atender os turistas que eles non entendían.

Ao saír de aí dispúxenme a ir ao banco para cambiar os euros pola moeda de aquí.

Cando saín xa era noite pechada, non había ninguén polas rúas, eu seguía sen saber onde ía durmir, pero iso cambiou tan pronto como tropecei cunha señora.

María Bernárdez González 3ºC